

GLOSARIO

Arqueoloxía



Definición

Ciencia que reconstrúe o pasado da humanidade a través dos restos materiais (coma ósos, instrumentos ou tecidos) atopados e analizados nos xacementos arqueolóxicos. Fundamental para estudar a prehistoria, pero tamén a nosa historia máis recente.

Exemplo

Elba estudou Arqueoloxía na Universidade de Santiago.

Arte Mobiliar



Definición

Manifestacións artísticas que se poden transportar, normalmente pequenas esculturas realizadas en óso, marfil e pedra.

Exemplo

As estatuíñas femininas do Paleolítico foron tradicionalmente chamadas “venus” paleolíticas.

Arte Prehistórica



Definición

Conxunto de manifestacións humanas con valor artístico (cerámica, pinturas nas paredes, obxectos rituais, esculturas, relevos ou construcións megalíticas) producidas polo ser humano durante a Prehistoria. As primeiras manifestacións artísticas coñecidas remóntanse ao Paleolítico Superior (hai 40.000 anos aproximadamente).

Exemplo

As pinturas sobre rochas está dentro da arte prehistórica.



Arte Rupestre



Definición

Manifestacións artísticas prehistóricas realizadas sobre rocha a través dun debuxo, pintura ou gravado. Poden aparecer sobre paredes de abrigos e covas, ou ben en pedras illadas. Os primeiros exemplos son do 40.000 a. C. no Paleolítico Superior.

Exemplo

A arte rupestre ten en Galicia exemplos de gravados nas rochas, chamados petróglifos.

Castro



Definición

Poboados fortificados e amurallados con forma oval ou circular e rodeados de foxos e murallas. Situados normalmente en puntos cunha fácil defensa e visualización da paisaxe. Desenvolvéronse fundamentalmente na Idade de Ferro ata a época romana.

Exemplo

Hai numerosos castros en Galicia, como o Castro de Borneiro, en Cabana de Bergantiños.

Cerámica



Definición

Actividade humana que consiste na arte de elaborar obxectos con arxila cocida. É un dos inventos máis importantes da Prehistoria, clave para sinalar a aparición do Neolítico. Permitiu cociñar e almacenar e transportar produtos.

Exemplo

A cerámica cardial do Neolítico decorábase con marcas feitas con cunchas de berberecho.



Cronoloxía



Definición

Ciencia que axuda a ordenar no tempo os acontecementos históricos. Permítenos describir a súa duración (décadas, séculos, milenios) e diferenciar os distintos períodos da Historia.

Exemplo

A cronoloxía da Prehistoria está en continuo cambio.

Economía predadora



Definición

Conxunto de actividades humanas propias do Paleolítico como a recolleita (de froitos, sementes e raíces), a caza e a pesca. De aí que a poboación fose nómade, trasladándose do territorio en función dos recursos dispoñibles.

Exemplo

A caza é unha actividade humana predadora.

Economía produtora



Definición


Tipo de economía que xorde no Neolítico na que se desenvolveron actividades humanas relacionadas coa produción como a agricultura, a gandaría e o intercambio de bens. Isto supuxo que o ser humano se fixese sedentario. Con ela iníciase a especialización nas tarefas e as diferencias sociais.

Exemplo

A economía produtora contribúe á transformar o medio.



Estratos



Definición

Son as capas de sedimentos de materiais que se van acumulando ao longo de miles ou centos de anos. Cada estrato ten unha composición, aspecto (cor), volume, e contido diferente. O seu estudo apórtanos moita información sobre a evolución da Terra (xeoloxía) e tamén sobre as características das sociedades do pasado (arqueoloxía). Normalmente están ordenados por orde cronolóxica, o máis antigo está máis ao fondo, e o máis recente, máis arriba.

Exemplo

Os estratos da *Sima de los Huesos* en Atapuerca permítenos estudar o Paleolítico europeo.

Exposición



Definición

Mostra pública de cousas ou obxectos artísticos, arqueolóxicos, culturais, históricos, educativos ou tecnolóxicos. Tamén é a acción de expoñer de forma oral ou escrita un tema a un público. En ambos casos, a súa finalidade é a de dar a coñecer certas cousas ás persoas. As exposicións poden ser temporais, permanentes, permanentes, virtuais.

Exemplo


O alumnado de 1º ESO vai montar unha exposición sobre Prehistoria no seu centro.



F	<p>Fonte histórica</p> 	<p>Definición</p> <p>Todo obxecto, documento, debuxo ou indicio que nos permita coñecer algún aspecto da Historia da Humanidade.</p> <p>Exemplo</p> <p>Os documentos escritos son unha fonte histórica.</p>
F	<p>Fósil</p> 	<p>Definición</p> <p>Chámaselle así a cada un dos restos dos seres orgánicos (animais ou vexetais) do pasado remoto. Xeralmente aparecen enterrados. A paleontoloxía é a ciencia que se encarga de estudalos.</p> <p>Exemplo</p> <p>En Atapuerca atopáronse importantes fósiles para datar a Prehistoria europea.</p>
H	<p>Historia</p> 	<p>Definición</p> <p>É a ciencia que estuda o pasado da humanidade a partir de distintas fontes. Tamén é a etapa que vai dende a aparición da escritura (arredor do 3.500 a. C.) ata a actualidade. Os especialistas que se adican a estudar a historia partindo das fontes son os historiadores ou historiadoras.</p> <p>Exemplo</p> <p>A Historia da humanidade divídese en diferentes etapas.</p>

H

Hominización



Definición

É o proceso biolóxico e cultural que deu lugar á formación da especie humana a partir de formas de homínidos ancestrais. O proceso de hominización comeza co Australopithecus (homínido que xa camiña de pé), e remata co Homo Sapiens Sapiens.

Exemplo

O ser humano actual é o resultado dun longo proceso de hominización.

I

Idade dos Metaís



Definición

Última etapa da Prehistoria. Vai desde o desenvolvemento da metalurxia (fabricación de obxectos en metal) arredor do 5.000 a. C. ata aproximadamente o ano 1.000 a. C. Divídese en tres períodos: Idade de Cobre, Idade de Bronce e Idade de Ferro.

Exemplo

A Idade dos Metaís é unha das etapas da Prehistoria.



L

Lítico



Definición

Útiles de pedra elaborados polos homínidos na Prehistoria que, a diferenza dos útiles de madeira, puideron conservarse e chegar ata nós. Testemuña de que os humanos son capaces de pensar e de elaborar instrumentos. Base da clasificación da Prehistoria en Paleolítico (“pedra antiga ou pedra tallada”) e Neolítico (“pedra nova ou puída”).

Exemplo

En Atapuerca atopáronse numerosos útiles líticos.

M

Megalitismo



Definición

Manifestación cultural caracterizada por construcións feitas con grandes bloques (“mega”, grande, e “lithos”, de pedra) entre o 5000 ao 1800 a. C. Dase tanto na Europa atlántica como na mediterránea. A súa finalidade era diversa, como tamén os seus tipos: menhires, *cromlech* e dolmens (ou mámoas).

Exemplo

O *cromlech* de Stonehenge é un monumento megalítico.



N

Neolítico



Definición

De *neo-*, “novo” e *-lithos*, “pedra”: etapa da Prehistoria posterior ao Paleolítico. Vai desde o desenvolvemento da agricultura e a gandaría (10.000 a. C. aprox.) ata a invención da metalurxia (5000 a. C. aprox). Nesta época os seres humanos produciron os seus propios alimentos e fixéronse sedentarios. As ferramentas perfeccionáronse.

Exemplo

No Neolítico os útiles son máis precisos.

P

Paleolítico



Definición

De *paleo-*, “vello” e *-lithos*, “pedra”: primeira das etapas da Prehistoria (desde hai uns 4 m.a. ata aproximadamente o 10.000 a. C.). Denomínase así porque os nosos primeiros antepasados fabricaron os seus útiles de pedra: golpeábanse unhas con outras ata conseguir a forma desexada.

Exemplo

As pinturas de Altamira son do Paleolítico.



Paleontoloxía



Definición

Ciencia que trata de reconstruír o pasado a partir do estudo dos fósiles (restos petrificados) de animais (coma o ser humano) ou vexetais. Comparte métodos e procedementos con outras ciencias coma a bioloxía e a xeoloxía.

Exemplos

Os descubrimentos da paleontoloxía tiveron unha grande importancia no xacemento de Atapuerca.

Petróglifos




Definición

Gravados feitos mediante a técnica de percusión sobre rocha. Realizados sobre todo durante a Idade dos Metais.

Exemplos

Fomos visitar os petróglifos de Campo Lameiro.

Prehistoria



Definición

Etapa da Historia que vai desde a aparición dos primeiros seres humanos (4 m.a.) ata a invención da escritura (arredor do 3.500 a.C.).

Exemplos

A Prehistoria é a etapa da Historia de maior duración.

